# BRANCA SILUETA

Non era perfecta, pero a súa dozura e a súa radiante felicidade facíana o ser máis milagroso da natureza. Cada unha das finas curvas do seu sorriso contaxaba benestar e o seu nariz arrugábase delicada e xentilmente no seu rostro cada vez que sorría. Era unha muller forte, pero cando o máis malo e funesto espectro a maltrataba, víase envolta pola soidade e a melancolía. É como se un corpo inerte e pasivo tomase o seu facéndoo ter un caso omiso a todo suceso que pasaba ao seu redor. É por culpa desa tenebrosa sombra que a atormentaba, choraba solitaria, e a medida que pasaban os días o seu cicatrizado corpo quebraba e a súa alma afogaba nunha infinita pesadumbre. É por iso o seu sorriso se apaga, a súa voz esvaece e os seus ollos tan só mostran unha infinita escuridade, todo rodeado dun sólido xiz branco...

